# Achega a mirada

Explicación do cartel

**O lema deste ano da xornada da discapacidade  invítanos a achegar a mirada a quen necesita ser mirado, como Deus mira.**

**Saber mirar é saber amar.** Deus mira así pero de verdade non queda nas aparencias. Mira o corazón, recoñece a dignidade doutro, percibe o seu sufrimento e descobre tamén as súas posibilidades. Achega a mirada ao diferente. Por iso resulta tan significativa aquela escena do Evanxeo na que Xesús, fixando a súa mirada naquel home, amouno (cf. Mc 10,21). Antes de falarlle, antes de pedirlle nada, Xesús mírao.

**A súa mirada nunca é indiferente.** Xesús mira a Zaqueo e devólvelle dignidade. Mira a Pedro despois da súa caída. Achegar a mirada é aprender a amar como Xesús. Significa mirar o irmán máis aló das súas diferenzas; ao pobre, máis aló da súa pobreza; ao que sofre, máis aló da súa ferida; á persoa con discapacidade máis alá dos seus límites.

Saber mirar supón deterse, acoller, achegar a mirada sen prexuízos, sen pensarnos mellores. **Achegar a mirada é acompañar.** A mirada que se achega convértese en tenrura, e a tenrura termina converténdose en servizo.

Por iso, unha das primeiras conversións que necesitamos é quizá a conversión dos nosos ollos. Necesitamos preguntarnos que hai detrás do noso xeito de mirar as DIFERENZAS: prexuízos, medo, desinformación? Ou hai tamén desexos de inclusión, esperanza, confianza e desexo de descubrir o ben que Deus segue facendo en cada persoa?

Achegar a mirada é en definitiva deixarse interpelar, deixarse tocar interiormente e converter o sentimento en compromiso, para que as persoas con discapacidade poidan atopar o seu lugar no mundo e vexan recoñecidos os seus dereitos.

**A Sagrada Escritura ensínanos que mirar non é simplemente ver.** Mirar significa recoñecer, contemplar, acoller, amar e deixarse transformar.

Dende o comezo da Creación atopamos a mirada de Deus: «Viu Deus que era bo» (Gn 1,31). Deus contempla a súa obra e recoñece nela a bondade. A súa mirada dá valor á criatura.

Pero a Escritura revélanos tamén unha diferenza fundamental entre a nosa mirada e a mirada de Deus: «O home mira as aparencias, pero Deus mira o corazón"

Por iso, antes mesmo de aprender a mirar, necesitamos aprender a deixarnos mirar por Deus e achegar a nosa mirada a la súa.